

## RICARDO CARVALHO CALERO, LETRAS GALEGAS 2020

### As pitas baixo a choiva

*Aquel serán, detrás dunha fiestra, eu ollaba chover. E de súbito vin as pitas. Malpocadas! Coas colas baixas, a cabeza afundida, achegadas ao muro, nos recunchos, esmorecidas, murchas, tristeiras, a auga escorregaba por riba delas, teimosa, cruelmente. Non o puideron aturar. Baixei coma un lóstrego e abrílles a porta da casa. Mais as galiñas non se moveron. Chameinas en van. “Churras, churras”. E saín ao curro, atafegado para conducir a grea a teito. Mais cando chegaba cabo dunha ave, esta fuxíame e afastábase máis cada vez. Así, mollado eu mesmo ata non poder máis, púxenme a berrar e a chorar con moito desconsolo.*

### ACTIVIDADES

1.- Ler en voz alta do texto anterior.

2.- Responder ás seguintes preguntas:

- Que fixo o protagonista cando viu que as pitas se mollaban?
- 

- Que lles abriu ás pitas?
- 

- Qe fixeron as pitas?
- 

- Que tempo ía aquel día?
- 

- Como chamou Ricardo ás pitas?

---

3.- Completar os ocos coas seguintes palabras: *murchas, tristesiras, afundida, esmorecidas.*

Coas colas baixas, a cabeza \_\_\_\_\_, achegadas ao muro, nos recunchos, \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, a auga escorregaba por riba delas, teimosa, cruelmente.

4.- Une cada animal co sitio onde vive ou se garda.

galiña

colmea

vaca

corte

coello

galiñeiro


porco

cubil

abella

coelleira

5.- Colorea esta pita.



Para quen queira un pouquiño máis, tendes éstas e outras actividades no seguinte enlace

<http://seminariogalan.org/inicio/ver/464>

<http://seminariogalan.org/inicio/ver/466>